



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O
DÍA OITO DE XULLO DE 2015, CON CARÁCTER ORDINARIO.**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde: D^a. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e corenta minutos do día oito de xullo de dous mil quince, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día vinte e nove de xuño do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.

2.1. -Comunicación previa de don José Villaverde Sánchez. (Expediente 2015/U017/000025)

Dáse conta do expediente número 2015/U017/000025 de comunicación previa presentada por don José Villaverde Sánchez no seu propio nome e en representación dos seus irmáns para rehabilitación de vivenda consistente en reformar o tellado, colocando uralita e tella, nunha superficie aproximada de 95 m², situada en Paradela –San Xián de Sales, cun prazo de execución de seis meses.

A Xunta de Goberno toma coñecemento da mencionada comunicación previa e acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento un euros con sesenta e un céntimos (#101,61#).

2.2.- -Comunicación previa de don José Sánchez Mallo. (Expediente 2015/U017/000033)

Dáse conta do expediente núm. 2015/U017/000033 de comunicación previa presentada por don José Sánchez Mallo para pavimentación de entrada a finca, de aproximadamente 5 m², con formigón en Cornado (San Fins de Sales), cun prazo de execución de seis meses .



A Xunta de Goberno toma coñecemento da mencionada comunicación previa e acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta (#50,00#) euros.

2.3.- Comunicación previa de dona María Rendo Álvarez. (Expediente número 2015/U017/000035)

Dáse conta do expediente número 2015/U017/000035 de comunicación previa presentada por dona María Rendo Álvarez para rehabilitación de vivenda consistente no pintado das fachadas, situada en Afós nº 15 –Santa Cruz de Ribadulla, cun prazo de execución de tres meses.

A Xunta de Goberno toma coñecemento da mencionada comunicación previa e acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta (#50,00#) euros.

2.4.- Comunicación previa de dona María Beatriz Amenal Junquera. (Expediente 2015/U017/000036)

Dáse conta do expediente número 2015/U017/000036 de comunicación previa presentada por dona María Beatriz Amenal Junquera para construción de cerre de parcela, con base de bloques, postes e arame, de aproximadamente 45 metros de lonxitude e colocación de portal, situada en Quintáns nº 37 –San Xián de Sales, cun prazo de execución de tres meses.

A Xunta de Goberno toma coñecemento da mencionada comunicación previa e acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de oitenta e seis euros con vinte e tres céntimos (#86,23#).

2.5 .- Comunicación previa de dona María José Segade Fernández. (Expediente 2015/U017/000038)

Dáse conta do expediente número 2015/U017/000038 de comunicación previa presentada por dona María José Segade Fernández para construción de cerre de parcela, con base de bloques, postes e arame, no lugar de Texo-San Fins de Sales, cun prazo de execución de tres meses.

A Xunta de Goberno toma coñecemento da mencionada comunicación previa e acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento doce euros con trinta e seis céntimos (#112,36#)

2.6.- Comunicación previa de don Manuel Martínez Carrillo. (Expediente 2015/U017/000034)

Dáse conta do expediente número 2015/U017/000034 de comunicación previa presentada por don Manuel Martínez Carrillo, en representación de Droguería – Ferretería El Sol, para rehabilitación de parte de fachada de edificio sito en Galegos nº 12-Santa Cruz de Ribadulla, cun prazo de execución de tres meses.

A Xunta de Goberno toma coñecemento da mencionada comunicación previa e acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de trescentos oito euros con cincuenta e catro céntimos (#308,54#).



2.7.- Comunicación previa de dona María Jesús Caramés Brea. (Expediente 2017/U017/000037)

Dáse conta do expediente número 2015/U017/000037 de comunicación previa presentada por dona María Jesús Caramés Brea para rehabilitación de vivenda consistente en cambiar o tellado, substituíndo a tella existente, situada en Argunte, nº 1 –San Mamede de Ribadulla, cun prazo de execución de tres meses.

A Xunta de Goberno toma coñecemento da mencionada comunicación previa e acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de setenta e catro euros con vinte e un céntimos (#74,21#).

3º.- Aprobación, se procede, do prego de cláusulas administrativas particulares e técnicas que rexerán a licitación do contrato de concesión administrativa para a explotación do saneamento e depuración do Concello de Vedra.

Dáse conta do prego de cláusulas administrativas particulares e técnicas que rexerán a licitación do contrato, cuxo obxecto é a prestación do servizo público vinculado ao saneamento e á depuración do Concello de Vedra, mediante xestión indirecta, en réxime de concesión administrativa, de acordo co artigo 277.a) do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRL CSP).

A Xunta de Goberno acorda aprobar os citados pregos.

4º.- Acordo, se procede, sobre devolución de avais.

4.1.- Escrito núm. 738/15 de Ingeniería de Tecnologías Energéticas de Oroso, S.L.

Dáse conta do citado escrito no que dona M^a: Begoña Fernández Soutelo, en representación de Ingeniería de Tecnologías Energéticas de Oroso, S.L, solicita a devolución do aval constituído para responder da execución do contrato de obras *Creación de parque destinado á infancia en San Fins e ampliación do parque infantil de San Andrés*.

Dáse conta así mesmo que durante o período de exposición ao público non se presentaron reclamacións.

A Xunta de Goberno acorda proceder á devolución do citado aval.

4.2.- Aval depositado por Construcciones Boqueixón, S.L.

Rematado o prazo de garantía da obra de Ampliación da rede de saneamento en Outeiro (código 11.3300.0244.0), e dado que durante o prazo de exposición ao público non se presentaron reclamacións, a Xunta de Goberno acorda proceder á devolución do aval depositado pola empresa Construcciones Boqueixón, S.L para responder da execución da obra de *Ampliación da rede de saneamento en Outeiro (código 11.3300.0244.0)*.

A Xunta de Goberno acorda proceder á devolución do citado aval.

5º.- Acordo, se procede, sobre concesión de axudas de emerxencia social.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



5.1.- Solicitud núm. 944/15 de dona Silvia Graciela Centrangolo Salle Durán.

Dáse conta do citado escrito no que a interesada, con domicilio en San Andrés de Trobe, solicita unha axuda para a adquisición de material oftalmolóxico e necesidades básicas.

A Xunta de Goberno, á vista do informe da traballadora social, en función do establecido na ordenanza reguladora das axudas de emerxencia social acorda concederlle unha axuda con cargo ao programa de emerxencia social por importe de trescentos trinta e cinco euros (#335,00#) para material oftalmolóxico e catrocentos vinte e cinco euros con cincuenta e un euros (#452,51#) para a cobertura de necesidades básicas.

5.2.- Solicitud núm. 945/15 de dona Lucía García Camino.

Dáse conta do citado escrito no que a interesada, con domicilio en Ponte Ulla, solicita unha axuda para o subministro eléctrico e adquisición de electrodomésticos de primeira necesidade.

A Xunta de Goberno, á vista do informe da traballadora social, en función do establecido na ordenanza reguladora das axudas de emerxencia social, acorda concederlle unha axuda con cargo ao programa de emerxencia social por importe de douscentos noventa e nove euros (#299,00#) para electrodoméstico e trescentos catorce euros con vinte e cinco céntimos (#314,25#) para a cobertura de gastos de subministro eléctrico.

6º.- Dar conta de Resolucións da Presidencia.

Dáse conta da Resolucións da Presidencia do mes de xuño:

Nº Decreto	Data	Asunto
245	01/06/2015	Designación avogado e procurador para preito (Procedemento Abreviado 142/15)
246	02/06/2015	Reserva instalacións campamento de Gandarío (Sada)
247	03/06/2015	Cambio domicilio padrón municipal de habitantes de Jorge Arnau e Juan Carlos Pomar Fernández
248	04/06/2015	Adxudicación servizo de apoio e reforzo na ludoteca e madrugadores a Rubén Villasenín Iglesias
249	05/06/2015	Concesión licenza posesión can perigoso
250	05/06/2015	Aprobación expediente contratación actuación reforma da sala de caldeiras da casa do Concello (caldeira biomasa)
251	05/06/2015	Alta padrón municipal de habitantes de Patricia Otero Iglesias
252	05/06/2015	Alta padrón municipal de habitantes de familia Epelde Rodríguez
253	08/06/2015	Aceptación parcela 1069 (Área de Castiláns) cedida por Agader
254	08/06/2015	Alta padrón municipal de habitantes de María Rosende López e fillos
255	09/06/2015	Incoación expediente por supostas obras en Sol nº 13 -Santa Cruz de Ribadulla
256	09/06/2015	Remitindo expediente de obras en Sales (San Fins) a APLU
257	09/06/2015	Arquivo expediente 2014/I002/000008
258	09/06/2015	Incoando expediente de multas coercitivas por non cumprir o acordado por R.A (retirada de cancela en Tomonde)
259	09/06/2015	Autorización corte de tráfico en vías municipais en San Miguel para proba vehículo competición
260	10/06/2015	Alta padrón municipal de habitantes de familia Touceda Fernández
261	11/06/2015	Contratación persoal servizos mínimos Deputación



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



262	12/06/2015	Autorización invasión vía municipal para colocación de carpa
263	12/06/2015	Alta padrón municipal de habitantes de Vanessa Laredo Louzao
264	12/06/2015	Alta padrón municipal de habitantes de Adolfinia Pereiras Santos
265	12/06/2015	Autorización celebración festas en San Xián de Sales
266	12/06/2015	Alta padrón municipal de habitantes de Pedro Vázquez Pino e filla
267	12/06/2015	Xustificación contratación operario recollida de lixo para cobertura das vacacións do persoal do servizo
268	12/06/2015	Aprobación bases para a contratación dun operario de recollida de lixo para a cobertura das vacacións do persoal do servizo
269	15/06/2015	Aprobación expediente de contratación e anexo V da obra Ampliación da rede de abastecemento á Susana, Nande, Cornado, Matelo e A Torre (Convenio 106/2015)
270	16/06/2015	Decreto delegacións servizos municipais
271	16/06/2015	Aprobación expediente de contratación obra Ampliación da rede de abastecemento á Susana, Nande, Cornado, Matelo e A Torre (Convenio 106/2015)
272	18/06/2015	Alta padrón municipal de habitantes de familia Fuentenegro Gómez
273	18/06/2015	Lista provisional admitidos/excluídos gardería municipal curso 2015-2016
274	19/06/2015	Propoñendo a creación das Comisións Informativas Permanentes
275	19/06/2015	Alta padrón municipal de habitantes de Jaime V. Collazo Albela
276	19/06/2015	Autorización corte vía municipal en Ponte Ulla para celebración festas
277	19/06/2015	Incoando expediente reposición legalidade por obras en Galegos -Santa Cruz de Ribadulla (Hostal e café bar)
278	22/06/2015	Designando membros Xunta de Goberno Local
279	22/06/2015	Designado Tenentes de Alcalde
280	22/06/2015	Designando novos vogais na Mesa de Contratación Permanente do Concello
281	23/06/2015	Convocatoria Mesa de contratación licitación obra de Reforma da sala de caldeiras da casa do Concello (caldeira de biomasa)
282	23/06/2015	Desestimando reclamación danos en vehículo en Santa Cruz de Ribadulla
283	23/06/2015	Autorización festas de San Pedro de Sarandón
284	25/06/2015	Incoando expediente de limpeza de finca en Sales propiedade de Francisco Javier Rodríguez Fontao
285	25/06/2015	Cambio titularidade recibos taxas lixo e sumidoiros en Galegos 33- Santa Cruz de Ribadulla
286	26/06/2015	Incoando expediente de baixa de oficio no padrón municipal de habitantes
287	29/06/2015	Clasificación ofertas actuación Reforma da sala de caldeiras na casa do Concello (caldeira de biomasa)
288	29/06/2015	Arquivo expediente reposición legalidade por actuacións en Tomonde
289	30/06/2015	Cambio titularidade recibo taxa lixo correspondente á vivenda nº 5 de Cazorráns -San Cristovo de Merín
290	30/06/2015	Cambio titularidade recibo taxa lixo correspondente á vivenda nº 19 de Sete - Santa Cruz de Ribadulla
291	30/06/2015	Cambio titularidade recibo taxa lixo correspondente á vivenda nº. 2 de Galegos -Santa Cruz de Ribadulla
292	30/06/2015	Alta padrón municipal de habitantes de Verónica Rivas Gómez

A Xunta de Goberno dáse por informada.

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas e quince minutos.